

**Materia: HISTORIA DE ESPAÑA**

**Curso: 2º BACHARELATO 2021-2022**

**Profesor: Francisco García Sánchez**

## **INTRODUCCIÓN**

A Historia de España é materia troncal nas tres modalidades do Bacharelato Artes, Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias (as tres existentes no centro) segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato e o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta materia ten como obxecto o estudo da Historia de España. Abarca todas as etapas históricas dende a Prehistoria peninsular ata a actualidade, dándolle maior protagonismo e cun estudo máis detallado á Idade Contemporánea. A estrutura de exame establecida polo grupo de traballo para a ABAU no curso pasado, terá continuidade este ano consta de tres partes:

- **Definicións que teñen unha nota numérica ata 2 puntos.** O grupo de traballo recolle un conxunto de conceptos agrupados en bloques temáticos dende a prehistoria ata o período contemporáneo.
- **Preguntas curtas (ata 3 puntos).**
- **Composición de textos correspondente ao período contemporáneo (ata 5 puntos)**

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España e a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

Tamén deberá contribuír ao fomento dunha certa sensibilidade cara á sociedade actual e a súa problemática, adoptando unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### **Competencias sociais e cívicas (CSC).**

Un obxectivo fundamental da historia é o estudo das sociedades e o seu contorno, das súas tensións e cambios; en definitiva, da diversidade do mundo no que vivimos. Na materia Historia de España centraremos este estudo no caso español, fundamentalmente nos dos S. XIX e XX. Así trataremos de contribuír na formación de valores como o respecto aos dereitos humanos, á pluralidade e diversidade socio-cultural. Como indicadores básicos desta competencia:

- Coñecemento e valoración dos dereitos e deberes conquistados polos españois ao longo da

historia de España e significativamente no período contemporáneo

- Aplicación destes dereitos e deberes no contexto escolar.
- Coñecemento das actividades humanas da sociedade española destes séculos.
- Adquisición dunha idea da realidade histórica española contemporánea a partir das fontes á súa disposición.
- Coñecemento e valoración das implicacións de vivir nun estado democrático de dereito cunha constitución dende o ano 1978.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións cotiás e para a resolución de conflitos.
- Recoñecemento e respecto da diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse na sociedade.

### **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

A materia de Historia de España permitirá coñecer ao alumnado a diversidade cultural española e a súa relación coa sociedade actual, tomando así conciencia da evolución e diversidade. Só así poderá respectala, valorala e loitar pola súa conservación. Todo isto mediante o desenvolvemento da sensibilidade, a creatividade, a observación, a preocupación pola riqueza e variedade do patrimonio cultural e artístico español. Como indicadores fundamentais:

- Mostra de respecto cara o patrimonio cultural nacional e as persoas que contribuíron a desenvolvelo.
- Valoración e loita pola necesidade de conservar o patrimonio artístico español.
- Expresión de sentimentos e emocións dende códigos artísticos-culturais.
- Valoración da interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas españolas.
- Manifestar sensibilidade na súa vida cotiá.

### **Aprender a aprender (CAA).**

O estudo da historia proporciona ao alumnado as ferramentas necesarias para que mediante a análise das diversas fontes constrúa a súa propia aprendizaxe. As destrezas desenvolvidas nesta materia permitirán ao alumnado acceder de maneira autónoma e crítica a diversas fontes para analizar e comprender a sociedade na que vive en toda a súa complexidade, interrogándose sobre as causas dos problemas e plantexarse algunha solución. Como indicadores:

- Xestión dos seus propios recursos e motivacións en favor da aprendizaxe.
- Desenvolvemento de estratexias que favorezan a comprensión rigurosa dos contidos.
- Seguimento dunha metodoloxía de traballo e a toma de decisións.
- Evaluación da consecución de obxectivos de aprendizaxe propios.

### **Competencia dixital (CD).**

Os nosos alumnos naceron nunha sociedade construída ao redor de redes de información, na que internet ten unha importancia fundamental. Pero é importante que saiban como traballala (obtención, selección, tratamento, análise,...) de onde obtela (incluída as fontes tradicionais) xa que non todas teñan o mesmo grao de fiabilidade e obxectividade.

O alumno/a deberá ser esixente e crítico na análise da información obtida e utilizada. Para o

que se requirirán unha serie de coñecementos e habilidades (que polo xeral o alumnado posúe).

Pero non se trata só obter e utilizar, senón tamén de crear e presentala na aula con responsabilidade. Como indicadores:

- Seleccionar o uso de distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia a partir de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as diferentes canles de comunicación audiovisual para transmitir diversa información.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecementos.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

A participación activa e protagonismo do alumno/a nas decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecerá unha actuación con criterio e determinación, tomando decisións, asumindo posibles riscos e consecuencias. Os traballos de investigación histórica realizados polo alumnado suporán unha planificación, organización, resolución de problemas e avaliación de resultados,..na que cada alumno/a deberá aprender a levar a iniciativa con responsabilidade. Como indicadores utilizaremos:

- Asumir as responsabilidades encomendadas.
- Constancia no traballo e superación das dificultades.
- Xestión do traballo en grupo coordinando tarefas e tempos.
- Capacidade de xenerar novas e diferentes posibilidades dun mesmo tema.
  - Mostrar iniciativa para iniciar ou promover acción novas.
  - Asumir riscos no desenvolvemento das actividades.

### **Comunicación lingüística (CCL).**

Dende Historia de España contribuirase ao desenvolvemento desta competencia a través do coñecemento e uso correcto do vocabulario específico da materia (adquirido e precisado na ESO) tanto de forma oral como escrita, coa descripción, narración e argumentación, coa lectura comprensiva e comentario e interpretación de textos ou de imáxenes manexando tamén a linguaxe icónica incorporandoo posteriormente á súa linguaxe cotiá. Actividades como o comentario de fontes históricas, elaboración de resumos, síntesis explicativas, definición de conceptos e términos, ..., terán como finalidade que o alumnado de Bacharelato exprese con claridade e rigor as aprendizaxes propias da materia. Tamén terán un peso importante as actividades orais ao estar o alumnado pouco acostumbrado. Os indicadores utilizados:

- Comprende o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresase oralmente e por escrito con corrección e coherencia.
- Entende que existe un contexto socio-cultural para as linguas que hai que respectar e fomentar.
- Utiliza os coñecementos sobre a lingua para buscar información e leer textos en calquera situación.
- Produce textos escritos con diversa complexidade.
- Comprende a imaxe e expresao por escrito ou oralmente.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

A Historia en xeral e a de España no caso de 2º Bacharelato describe e interpreta feitos históricos máis ou menos recentes, utiliza estadísticas, escalas numéricas, gráficas; realiza operacións matemáticas sinxelas e gráficas, selecciona información, contrasta datos,...contribuindo á consecución da CMCCT. Os alumnos deben ser conscientes que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos pódense aplicar na análise da historia (incluída a súa propia).

Ao analizar o escaso impacto da ciencia e tecnoloxía no mundo actual e a orixe do mundo industrializado en España, estamos afianzando a consecución destas competencias. Pero tamén coa formulación de hipóteses, búsqueda de información, comentario crítico das fontes, rigurosidade nos seus argumentos, a confrontación de idesa...poñeremos ao alumnado en contacto co método científico. Os indicadores utilizados serán:

- Respecto e preservación da vida dos seres vivos no seu contorno.
- Toma de conciencia dos cambios producidos polo ser humano na contorna natural e as repercusións futuras.
- Aplicación de métodos científicos rigurosos para mellorar a comprensión da realidade.
- Manexar os coñecementos sobre a ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso arredor.
- Responder a preguntas utilizando os coñecementos científicos e tecnolóxicos.
- Aplicación as estratexias do método científico en situación ou problemas da súa vida cotiá.

### **3.OBXECTIVOS**

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no

desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN. MÍNIMOS**

### **1º, 2º, 3º TRIMESTRES**

**Bloque 0:** *Como se escribe a Historia. Criterios comúns*

### **1º TRIMESTRE**

#### **Bloque 1: Prehistoria e Historia Antiga**

- 1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).*
- 2. Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)*
- 3. Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas).*
- 4. A monarquía visigoda (organización política). Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711).*

**Definicións do bloque:** aula regia, bárbaros, castro, conventus, economía predadora, guerras

## **Bloque 2: Historia Medieval**

**Bloque 2.** *A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474).*

1. *Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica).*
2. *Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación).*
3. *O Réxime feudal e a sociedade estamental.*
4. *As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).*

**Definicións:** *Carta de poboamento, manso, marca hispánica, mesta, mozárabe, presura e taifas.*

## **Bloque 3: Historia Moderna séculos XVI e XVII**

1. *A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).*
2. *A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).*
3. *A crise socio-económica do século XVII (a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real).*
4. *O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as revoltas de Cataluña e Portugal).*
5. *Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía).*

**Definicións:** *Converso, gran Armada, mourisco, terzos, unión de armas, valido, xuntas do Reino de Galicia.*

## **Bloque 4: Século XVIII**

1. *O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht)*
2. *Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.*
3. *O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).*
4. *As ideas fundamentais do pensamento ilustrado*

**Definicións:** *Antigo Réxime, catastro de Ensenada, Decretos de Nova Planta, Despotismo Ilustrado, Motín de Esquilache, Paz de Utrecht e Regalismo borbónico*

## **2º TRIMESTRE**

**Bloque 8.** *Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente.*

**Bloque 9.** *A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931).*

**Bloque 10.** *A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)*

## **3º TRIMESTRE**

**Bloque 11.** A ditadura franquista (1939-1975)

**Bloque 12.** Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975).

### 1º, 2º, 3º TRIMESTRE

**Bloque 0:** *Como se escribe a Historia. Criterios comúns*

1. Método histórico. Fontes
2. Análise e comentario de fontes.
3. Utilidade das fontes.
4. Mapas e liñas do tempo

### 1º TRIMESTRE

**Bloque 0:** *Como se escribe a Historia. Criterios comúns*

**Bloque 1: Prehistoria e historia antiga** (preguntas curtas engadidas polo grupo de traballo dende o curso 2018/2019)

- 1.-O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).
2. Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)
3. Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas)
4. A monarquía visigoda (organización política).

Definicións de este bloque: *Aula Regia, bárbaros, castro, conventus, economía predadora, guerras cántabras e megalitismo.*

**Bloque 2: historia medieval** (preguntas curtas engadidas polo grupo de traballo dende o curso 2018/2019)

- 5.- Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica).
6. Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación).
7. O Réxime feudal e a sociedade estamental.
8. As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).

Definicións de este bloque: *Carta de poboamento, manso, marca hispánica, mesta, mozárabe, presura e taifa*

**Bloque 3: séculos XVI e XVII** (preguntas curtas engadidas polo grupo de traballo dende o curso 2018/2019)

- 9.- A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).
10. A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).
11. A crise socio-económica do século XVII (a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real).
12. O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as

13. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)

Definicións: *converso, gran armada, mourisco, terzos, unión de Armas, valido e xuntas do reino de Galicia*

**Bloque 4:** A guerra de sucesión 1688-1713. A chegada dos borbóns á España. Reorganización administrativa en España (os decretos de nova planta). A economía e a sociedade no século XVIII. A ilustración en España e en Galicia.

Preguntas deseñadas polo grupo de traballo:

14. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).

15. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.

16. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).

17. As ideas fundamentais do pensamento ilustrado

Definicións: antigo réxime, catastro de ensinada, decretos de nova planta, despotismo ilustrado, motín de Esquilache, paz de Utrecht e regalismo borbónico.

**Bloque 5.** *A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo*

1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.

2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.

3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.

4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España.

5. A obra de Goya como testemuño da época.

**Bloque 6.** *A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)*

1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas.

2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases.

3. Proceso constitucional.

4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira



5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista.

**Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)**

1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral.
2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro.
3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba.
4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo.

**2º TRIMESTRE**

**Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns**

**Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente**

1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña.
2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria textil, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego.

**Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)**

1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces.
2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía).
3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de

Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía.

4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria

**Bloque 10.** *A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)*

1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración.
2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar.
3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra.
4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36.

### **3º TRIMESTRE**

**Bloque 0:** *Como se escribe a Historia. Criterios comúns*

**Bloque 11.** *A ditadura franquista (1939-1975)*

1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973).
2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema.

**Bloque 12.** *Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)*

1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas.
2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia.
3. Gobernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa.

4. Papel de España no mundo actual

**AVALIACIÓN: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: RELACIÓN CON OBXECTIVOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN. MINIMOS.**

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. AVALIACIÓN INICIAL, AVALIACIÓN CONTINUA, FINAL, EXTRAORDINARIA (SETEMBRO).**

**1º TRIMESTRE**

**Bloque 1 ao 4 preparación de preguntas curtas** (meses de outubro e novembro, reflectidos no Decreto 86/2015 e na directrices do grupo de traballo de historia). Formarán parte de todos os exames do curso como pregunta curta que contará ata 3 puntos por exame (proporei ao alumnado unha das 17 preguntas dos bloques para que a desenvolvan)

**Bloque 1.** *A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711).*

**Bloque 2.** *A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474).*

**Bloque 3.** *A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)*

**Bloque 4.** *España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788).* A chegada dos borbóns a España, creación dun novo estado centralista (os decretos de nova planta). A economía no século XVIII (agricultura, comercio e protoindustria). A ilustración en España e Galicia (tema novo para a reválida dende o curso 2017/2018)

**1º, 2º, 3º TRIMESTRE**

**Bloque 0:** *Como se escribe a Historia. Criterios comúns.*

**10%** no 1º trimestre. **5%** no 2º e 3º trimestre

1. *Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.*

– Obxectivos: e, g, h, i, l, m. Competencias Clave: CCL, CD, CAA, CSC, CCEC

– Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas,

internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.

1. *Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.*

– Obxectivos: d, e, h, i, l. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC

– Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.

1. *Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas.*

– Obxectivos: h, i, l. Competencias Clave: CMCCT, CAA, CSC

– Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.

1. *Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as.*

– Obxectivos: d, e, h, i, l. Competencias Clave: CMCCT, CAA

– Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.

## 1º TRIMESTRE

**Bloques 1-4 serán materia de exame os seguintes temas (estes bloques se preguntarán durante todo o curso nos diferentes exames e contarán un 30 % da nota de acordo coas novas directrices do grupo de traballo para o curso 2020-2021:**

1.-O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).

2. Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)

3. Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas)

4. A monarquía visigoda (organización política).

5.- Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica).

6. Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación).

7. O Réxime feudal e a sociedade estamental.

8. As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).

9.- A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).

10. A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).

11. A crise socio-económica do século XVII (a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real).

12. O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as revoltas de Cataluña e Portugal).

13. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)

4. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).

15. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.

16. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).

17. As ideas fundamentais do pensamento ilustrado

### **Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo 25%**

1. *Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC

– Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.

1. *Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC

– Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.

1. *Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime.*

– Obxectivos: a, d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC, CAA

– Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.

*Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.*

– Obxectivos: a, d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC, CAA

– Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.

1. *Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC

– Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.

*Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC

– Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.

1. *Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CMCCT,CAA, CSC

– Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.

1. *Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC

– Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.

1. *Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.*

– Obxectivos: d, e, h, i. Competencias Clave: CCL, CSC

– Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España

1. *Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.*

– Obxectivos: d, e, h, i. Competencias Clave: CCL, CSC

– Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España.

1. *Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.*

– Obxectivos: d,e,g, h, i, l, m, n. Competencias Clave: CCL, CD, CSC, CCEC

– Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos.

**Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874) 10%**

1. *Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CAA, CSC
- Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias.

*Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC
- Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias.

1. *Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CMCCT, CAA, CSC
- Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias.

1. *Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC
- Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.

1. *Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC
  
- Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.
  
- 1. *Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC
  
- Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.
  
- 1. *Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC
  
- Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.
  
- 1. *Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC, CCEC
  
- Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.

*Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC
  
- Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder.



- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC
- Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.

*1. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC
- Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.

*1. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CAA, CSC
- Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.

*1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.*

- Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC
- Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional.

**Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902) 30%**

*Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC

– Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.

*Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC

– Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.

*Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC

– Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.

1. *Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CMCCT, CAA, CSC

– Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.

1. *Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CSC, CCEC

– Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado.

1. *Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.*

– Obxectivos: d, e, h, i, p. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC, CCEC

– Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa

evolución durante o período estudado.

1. *Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX.*

– Obxectivos: d, e, h, i. Competencias Clave: CCL, CAA, CSC

– Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema

1. *Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista.*

– Obxectivos: d, e, h, i. Competencias Clave: CCL, CSC

– Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema

*Explica a política española respecto ao problema de Cuba.*

– Obxectivos: d, e, h, i. Competencias Clave: CCL, CSC

– Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias.

1. *Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.*

– Obxectivos: d, e, h, i. Competencias Clave: CCL, CSC

– Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias.

1. *Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.*

– Obxectivos: d, e, h, i. Competencias Clave: CCL, CSC, CCEC

